

ELES TAMÉN LEMBRAN.....

ALDEA: Seoane

PERSOA ENTREVISTADA: Francisco Martínez Anta, 86 anos.

1.- Como viviu os anos da posguerra? Cre que homes/mulleres a viviron de igual modo?

Os homes tiñan máis dereitos cás mulleres en todo. As mulleres non se podían permitir certas cousas, non podían fumar, tiñan que estar sometidas e a súa misión era de estar na casa e facer feliz ao seu home.

2.- Dentro da súa propia casa ou familia xogaban o mesmo papel os homes que as mulleres?

Na miña casa os homes ocupábanse dos traballos de fóra e as mulleres dos da casa e dos de fóra. Nós gozabamos de máis liberdades que as miñas irmás, podíamos saír. Elas estaban máis discriminadas, tiñan que ter coidado con quen se relacionaban pois se non xa eran discriminadas. Despois cando se tiñan que casar se unha muller tivera por aí varios noivos xa estaba marcada e non era o mesmo.

3.- No tema da educación, que recorda da escola, estudaban o mesmo? Xogaban ás mesmas cousas? Mesturábanse os nenos e as nenas?

Na escola da aldea tanto os homes como as mulleres estudaban o mesmo, aínda que a min non me mandaron. A túa avoa estudou en San Martiño con máis homes, aprendeu a ler, escribir, multiplicar...Ensinoume a min a ler e a escribir e ao teu irmán antes de que fora ao colexio, tamén ensinou aos seus fillos. Estivo estudando máis ou menos ata os 18 anos pero as regras non as debeu sacar.

Os nenos xogaban a xogos de nenos e as nenas xogaban a xogos de nenas, aínda que pouco tempo tiñan para iso. Nos xogabamos máis a brisca, tute, billarda ou aos bolos. Os nenos e as nenas andaban todos xuntos.

4.- Desde un punto de vista relixioso, había diferenzas entre homes?

As mulleres tiñan que levar pano á misa. Tiñan que andar máis tapadas e non podían insinuar nada, mentres que os homes podían ir libres, un home podía ir remangado e non pasaba nada mentres que unha muller se ensinaba algo ía presa.

5.- No mundo laboral, era igual ser home que muller?

O mundo laboral baseábase non campo. No home, a súa misión era facer as faenas fora de casa, mentres que a muller era facer as de fóra e as de casa que eran exclusivamente delas.

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

6.- No traballo que exerceu vostede durante a súa vida laboral, había mulleres? Cal era o seu papel e as súas condicións laborais?

Eu andaba polas empresas traballando. Traballei na Rúa, en Vilariño, en Prada, en Manzaneda, o Bao e o último no que traballei foi na Mina de Penouta. Daquela había mulleres traballando comigo de secretarias. Tamén había mulleres na oficina en Vilariño onde nos afiliabamos, pero sobre todo traballaban de cociñeiras e servindo as mesas.

7.- O papel da muller a medida que vostede se foi facendo maior, cre que cambiou dalgunha maneira?

Hoxe cambiou, é moi diferente do que era aquela antes. Algunhas traballaban no campo pero sobre todo facendo os labores de casa e agora pois xa hai mulleres que fin outras cousas. Segundo foi avanzando todo a muller contou con máis privilexios, permitíanse cousas que antes non.

8.- Coñeceu algún caso de represión por cuestión ideolóxicas?

Tería 7 ou 8 anos e non me lembro moi ben pero tiña un tío que tivo que ir e non quería pero non lle fixeron nada, pero a outros por aí matábanos. A xente que non estaba a favor do que era o réxime estaba no punto de mira das autoridades.

9.- Como se sentían no momento da posguerra?

A xente daquela tiña medo, se cadra se andaban os escapados polas aldeas, ían roubar o diñeiro da xente pola forza e a quitarlles a comida, aínda que a nós nunca nos fixeron nada, nin a miña nai porque estaba soa que eu ao meu pai non o coñecín. Tiñan medo as represalias, por calquera motivo que non sabías podías ir preso, se algún veciño te acusaba aínda que fose mentira, tiñámoslles medo ás autoridades, non como agora.

10.- Que lle chama a atención na actualidade con respecto ao papel que ten a muller en relación ao que tiña cando era neno/a ou mozo/a?

Agora cambia a cousa do que se facía antes, a vida reformouse moito daquela en canto a traballo. Agora as mulleres teñen máis liberdades, case teñen os mesmos dereitos ou sen case. Poden traballar tanto o home en casa como a muller fóra.

Noelia Martínez (2ºBac.A)